FICHA – A organización de España e Europa 4

1.- Vocabulario científico da unidade:

Palabra	Definición

2.- En que continentes está o territorio español?

3.- A maior parte dos concellos galegos formáronse a partir da unión de varias parroquias, estas a súa vez eran un grupo de varios pobos e aldeas. Infórmate das parroquias que hai no teu concello e indica algúns pobos e aldeas dalgunha parroquia.

4.- Algunhas concelleiras e concelleiros teñen encomendadas algunhas áreas como parques e xardíns, urbanismo,... infórmate do nome do alcalde ou alcaldesa do teu concello e dalgún dos concelleiros ou concelleiras que teñan algunha tarefa en concreto.

3.- Nas Illas Canarias e nas Baleares, aínda que teñen dúas e unha provincia respectivamente, hai un organismo que goberna cada illa. Como se chaman estes organismos e a que cres que se pode deber que tendo tan poucas provincias teñan todos eses organismos?

4.- A que cres que se debe que as comunidades uniprovinciais non teñan deputacións provinciais?

5.- Infórmate en Internet sobre cando foi aprobado o Estatuto de Autonomía de Galicia e escribe algúns dos seus artigos.

6.- En que lugar en concreto podemos atopar o Parlamento Galego?

7.- Cales cres que poden ser as tarefas dun conselleiro ou conselleira de educación?

8.- Cales poden ser os motivos polos que se di que España é un estado democrático e social?

9.- Que é o sufraxio universal?

10.- Busca os artigos número 12 e 14 da Constitución Española e explica que queren decir.

11.- Busca o artigo 27 da Constitución Española e explica como mínimo dous dos seus apartados.

12.- Quen sucederá ao actual Rei de España?

13.- Cales son as diferenzas entre o poder executivo e o lexislativo?

14.- Normalmente fálase da "independencia do poder xudicial", que cres que significa esta expresión?

15.- Escolle unha comunidade autónoma distinta da galega, debuxa a súa bandeira e/ou escudo e explica brevemente a súa orixe.

16.- Os símbolos de comunidades e do Estado están recollidos nos estatutos de autonomía e na Constitución Española respectivamente. Por que se lle dará esta importancia?

17.- Como cres que aparece Galicia representada no escudo de España?

18.- Fai unha "liña de tempo" no que apareza a formación da UE, os seus distintos nomes e tratados.

19.- Realiza un esquema coas institucións máis importantes de Europa.

20.- Que significan as expresións: "solidariedade", "libre circulación" e "diversidade cultural"?

21.- Escolle un país da UE distinto de España e fai unha ficha cos seus datos máis relevantes, situación, bandeira, número de habitantes, capital, linguas que se falan, relixións, monumentos e lugares relevantes.